



UNIVERSIDADE DE VIGO

## ACTA Nº 6 DO CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

**SESIÓN:** Ordinaria

**LUGAR:** Sala Conferencias da Casa das Campás de Pontevedra.

**DATA:** 7 de maio de 2008

**HORA DE COMEZO:** 10 h.

**HORA DE REMATE:** 13 h.

### ASISTENTES:

Barcia Rodríguez, Ignacio; Cancela Carral, José María; Gago Rodríguez, Alberto; García Soidán, José Luis; García Soidán, M<sup>a</sup> del Pilar; Gutiérrez Nieto, Manuel; Hernández Sánchez, Jesús; Liste Fernández, Araceli Mercedes; Lorenzo Cimadevila, Henrique; Martí Pellón, Daniel; Mollinedo Lois, Carlos; Ortiz Torres, Luis; Pena Rodríguez, Alberto.

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de cursos de extensión universitaria do Campus de Pontevedra.
4. Rogos e preguntas.

O Vicerreitor D. Jesús Hernández informa ao Consello de Campus da asistencia da Vicexerente do Campus, Dna. Ángeles Hermida Paredes, e das Directoras da Área do Campus, Dna. Antonia Blanco Pesqueira e Dna. Ana Belén Fernández Souto, para complementar a información que se facilite sobre as actuacións e actividades desenvolvidas no Campus.

### ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior.  
Apróbase por asentimento.
2. Informe do Reitor.
  - O Reitor informa do cambio producido no antigo Ministerio de Educación y Ciencia cuxas competencias a nivel universitario teñen pasado a depender do novo Ministerio de Ciencia e Innovación. Tamén comenta a situación das titulacións de Enxeñaría cara a súa adaptación ao EEES, que aínda están pendentes da aprobación das directrices xerais, tema que será tratado na próxima reunión do Consejo de Coordinación Universitaria o 20 de maio de 2008. Por outra banda, expón as dificultades que están a atopar algunhas Universidades para a verificación dos títulos por parte da ANECA e que non afectou de momento á Universidade de Vigo.
  - Considera o Reitor que é de interese para os membros do Consello de Campus coñecer cómo se está desenvolvendo a candidatura de Vigo para a celebración da Universiada 2013, xa que de celebrarse implicaría aos tres Campus e tamén as outras Universidades galegas. Neste proxecto a Universidade de Vigo é un socio necesario e imprescindible pero non asume a responsabilidade, senón que lle corresponde ao Concello de Vigo. Dende a Universidade estase a participar na elaboración do proxecto, integrando 4 persoas desta institución o equipo de traballo formado por un total de 20 membros. A colaboración da Universidade esténdese a outros niveis: instalacións deportivas, voluntariado, celebración de competicións, etc. A organización da Universiada debe incluír 10 deportes obrigatorios e un mínimo de 3 optativos

(vela, remo e voley-playa). A Comisión avaliadora xa visitou o entorno onde se celebraría a Universiada e o 31 de maio de 2008 coñecerase o veredicto sobre a candidatura viguesa. En calquera caso, a celebración deste evento non suporá intervencións masivas no Campus, pero si que podería aproveitarse o mesmo para a construción de novas instalacións nas zonas anexas.

- A estrutura do novo equipo de xerencia é explicada polo Reitor, que está integrado pola actual Xerente da Universidade e 5 Vicexerentes, 3 con competencias específicas e 2 con competencias de Campus. Trátase dunha aposta do actual equipo de goberno da Universidade por reforzar os aspectos directivos da xestión universitaria, tratando de lograr un equilibrio entre o enorme volume de recursos e a reducida dotación.
- No que atinxe as titulacións do Campus, informa o Reitor da adaptación das mesmas ao EEES. Iniciáronse os procesos de reforma das titulacións de Mestre nas especialidades de Educación Infantil e Primaria, de Fisioterapia, da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, da Diplomatura en Xestión e Administración Pública, da Licenciatura en Comunicación Audiovisual e da Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas; namentres que a titulación en Enxeñaría Técnica Forestal está a espera da aprobación das directrices xerais para as Enxeñarías. Para a reforma da Diplomatura en Enfermaría, impartida en centros adscritos á Universidade de Vigo, constituíuse unha Xunta de Titulación que deberá elaborar un grao único e que está presidida pola Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea.
- Despois do informe do Reitor interveñen varias persoas. Por unha banda D. Carlos Mollinedo amosa o seu interese en que se celebren reunións do Consello de Campus con máis frecuencia, de acordo co exposto na anterior reunión do Consello de Campus. Por outra banda, D. Ignacio Barcia manifesta que prefire reunións eficientes e que sexan as mínimas necesarias.
- Seguidamente o Vicerreitor pasa a expoñer o seu informe en relación ao Campus de Pontevedra. Fala da incorporación da persoa encargada da Vicexerencia do Campus e lle agradece o traballo que ven desenvolvendo e que contribuíu a mellora do funcionamento da Vicerreitoría. No aspecto institucional, explica o Vicerreitor que no último ano téñense celebrado 18 reunións na procura de apoio e colaboración, pero que se avanzou relativamente, sen convenios ou conclusións firmes.
- Informa tamén o Vicerreitor da situación actual das instalacións da Universidade en Pontevedra e da documentación existente. Diversas parcelas do Campus da Xunqueira están afectadas pola Lei de Costas e/ou non son de titularidade da Universidade. A este respecto, estanse a realizar diferentes trámites administrativos para solucionar os problemas de legalidade e titularidade das edificacións, que deben ser resoltos para poder afrontar o proxecto de urbanización do Campus e para o que se está a contar coa colaboración dunha asesora en temas de arquitectura. A parcela que ocupará a Facultade das Artes non está afectada pola Lei de Costas. No que atinxe á futura ampliación do Campus, os terreos que ofertaría o Concello están situados no monte de Lérez, lonxe da Xunqueira, e estanse mantendo conversas para valorar outras opcións de ampliación.
- No tema da Planificación interveñen Dña. Antonia Blanco para comentar as obras levadas a cabo nos distintos centros do Campus e as que se levarán adiante proximamente. O inicio da obra da Facultade das Artes está a espera da firma do protocolo de cesión da parcela por parte do Concello. Por outra banda, mantivéronse conversas co Concello para a cesión de espazo para a construción de pisos de protección oficial; existe un compromiso verbal sobre este tema, aínda que se espera poder firmar en breve un convenio. Na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte xa se rematou a obra dos vestiarios e estase a comezar co proceso de construción dos laboratorios, que se vira retrasado por mor da entrada en vigor do novo código técnico que supuxo unha revisión do proxecto e un aumento do orzamento previsto. Informa ademais dos trámites realizados cara a construción dunha gardería no Campus, do plan de sustentabilidade e medio ambiente que se está a desenvolver no Campus e das obras de mantemento, reparacións e melloras nos diferentes centros universitarios. Particularmente no Pavillón universitario leváronse a cabo obras importantes para facer fronte ao estado de deterioro no que se atopaba, para a ampliación da sala de musculación e para a adaptación do almacén para entrada de camións. Estase a redefinir o uso do Pavillón universitario, no que terá o seu despacho o responsable do Servizo de Deportes no Campus, xa que non hai previsión de espazos para a construción de novas infraestruturas, aínda que se continúa coa idea da permuta do mesmo por instalacións na Xunqueira.
- Despois deste informe interveñen D. Carlos Mollinedo para expoñer as súas queixas sobre o uso que se lle da ao Pavillón e o custo que lle supón á Universidade; asemade insiste na idea de que se demanden terreos ao Concello e que se use o Pavillón como moeda de cambio para futuras negociacións.
- No tema das actividades culturais do Campus participa Dña. Ana Belén Fernández para enumerar o listado de actividades culturais patrocinadas no ano 2007 dende a Vicerreitoría, que

comprenden celebracións dos patróns dos centros, así como cursos, obradoiros, conferencias e exposicións na Sala X e na Casa das Campás. No ámbito das actividades deportivas do ano 2007 referiuse unicamente a organización dos Xogos Galaico-Durienses, xa que ata a o 1 de xaneiro de 2008 non se descentralizou o funcionamento do Servizo de Deportes. No ano 2008 xa se teñen celebrado distintos eventos, como o Maratón de Aerobic Solidario, o 2º Torneo de Rugby ou o Campionato de España de Orientación; ademais estase a traballar para a posta en marcha en Pontevedra do programa de Deporte e Saúde, que xa funciona nos outros Campus e que incluíra sala fitness e unidade médica. Tamén expón as diferentes actividades culturais previstas para o ano 2008 e informa do funcionamento na Casa das Campás da Aula Tecnolóxica de Formación Permanente.

- Logo deste informe hai varias intervencións. D. Manuel Gutiérrez pide que se contemple a unidade de fisioterapia dentro do programa de Deporte e Saúde, recibindo unha resposta favorable por parte do Vicerreitor. D. Daniel Martí pregunta polo plan de comunicación e solicita que se inclúan en futuros informes as estatísticas de asistencia ás actividades. O Vicerreitor amosa a súa impresión positiva sobre a asistencia, tendo en conta que se trata de actividades para minorías, e informa de que se levou a cabo unha comunicación individualizada do programa de actividades para o persoal do Campus, do PDI e do PAS.
- Dña. Ángeles Hermida intervén de seguido para explicar o funcionamento da Vicexerencia ao seu cargo. Informa do plan operativo de xestión no que están a traballar, para o que xa mantiveron diversas reunións co obxecto de propoñer accións que serán debatidas posteriormente. Entre os obxectivos da Vicexerencia figuran os de achegar á Universidade ao cidadán, facilitar os trámites administrativos (peticións de bolsas, tramitación de teses, ...), eliminar papeis e favorecer a utilización doutros soportes, para o que se está a traballar na elaboración dunha plataforma de apoio á xestión. Trátase de reduci-la dependencia dos servizos centrais e para o vindeiro curso preténdese por en marcha a automatrícula dos alumnos, mediante a habilitación de ordenadores nalgún espazo que conte con persoal de apoio. Estase a tramitar a compra dunha furgoneta para o uso do persoal do Campus, que podería estar dispoñible no prazo dun mes.
- Finalmente o Vicerreitor incide en dous aspectos de interese, como son a posta en funcionamento da Aula Tecnolóxica de Formación Permanente, que conta con 25 postos e que está dispoñible para o uso da comunidade universitaria e da cidadanía. Tamén informa da idea de dotación dun espazo para a edición de imaxes, dentro do programa "Rodamos".

### 3. Aprobación, se procede, da proposta de cursos de extensión universitaria do Campus de Pontevedra.

A Comisión acorda valorar as propostas de cursos en función da normativa de Cursos de Extensión Universitaria, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade para o ano 2008, e de acordo cos seguintes criterios: tratarase de aprobar aquelas propostas que respondan á estrutura de curso e que non vaian dirixidas especificamente a unha única titulación, procurando que haxa alomenos un curso por ámbito, un máximo de 3 cursos por centro e dándolle prioridade aos cursos que reciban subvencións externas. En base ao anterior, acórdase por asentimento aprobar e denegar as propostas de cursos que de seguido se mencionan:

#### a) Propostas aprobadas:

- *Primeiros Auxilios para garderías, centros de educación infantil e centros de maiores.*
- *O xesto na danza-teatro.Sons de preto, danzas de lonxe.*
- *Vivir do conto 08.Ocio para todos/as. Accesibilidade no medio natural.*
- *O ensino dos deportes de equipo.*
- *Introdución aos programas de debuxo e deseño por ordenador. Pontevedra 2008.*
- *Turismo gastronómico. Recursos e itinerarios,* coa condición de que se acrediten e concedan todas as subvencións que foron solicitadas, de acordo co que se fai constar no impreso de solicitude do curso (Dirección Xeral de Turismo e Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra).

#### b) Propostas denegadas:

- *Xestión de piscinas cubertas,* por non cumprir os obxectivos xerais dos cursos recollidos no punto I da Normativa e por indicar subvención dunha entidade fóra da Universidade sen especificar a súa contía nin a súa inclusión no orzamento, o cal contradí o establecido na Normativa no apartado IV.5: "no caso de contar con subvencións económicas externas á Universidade de Vigo, achegarase documentación acreditativa de cada unha delas expedida pola entidade ou institución correspondente, indicando a contía económica concedida".
- *Corpo e acción do performer na escena contemporánea,* por contar con só dous profesores no seu programa, en contra do disposto no punto IV. 4 da Normativa: "... a comisión

valorará positivamente aqueles cursos nos que participen alomenos cinco profesores", e contar con menos de 35 alumnos, en contra do disposto nas condicións xerais da Normativa, no seu punto II.5: "O número de alumnos previsto para un curso non debe ser inferior a 35 nin superior a 100".

- *Qué facer para non pasar do INEF ao INEM: orientación laboral para os profesionais do Deporte*, por ir dirixido exclusivamente a unha titulación.
- *A xestión do Voluntariado e as TIC*, por responder ás características propias dun obradoiro de extensión universitaria.
- *Move-mente*, por contar con menos de cinco profesores na súa programación, en contra do establecido no punto IV. 4 da Normativa: "... a comisión valorará positivamente aqueles cursos nos que participen alomenos cinco profesores (...)".
- *Modernidade e cinema actual*, por responder as características dun ciclo de conferencias.

#### 4. Rogos e preguntas.

- D. Manuel Gutiérrez pregunta se foi modificada a normativa relativa ao traslado de expedientes, de forma que no vindeiro curso poderían solicitar traslado a unha titulación con límite de prazas os alumnos que cursaran estudos noutra Universidade, con independencia de que non acrediten unha nota de corte que fora como mínimo a do último alumno que entrara na devandita titulación. A este respecto, Dña. Ángeles Hermida propón estudar con detalle as modificacións realizadas na normativa para clarificar este punto.
- Tamén manifesta D. Manuel Gutiérrez a necesidade de creación de espazos de aparcamento no Campus, xa que non existe servizo de autobús. O Vicerreitor informa das dificultades actuais para urbanizar o Campus e das conversas co Concello sobre a posibilidade de creación dun sistema de liñas urbanas ou de lanzadeiras que unan o Campus coas estacións de autobús e de tren, que aínda non tivo resposta favorable.
- D. José Luis García Soidán incide na necesidade dun laboratorio de investigación na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, para poder ter un maior control do material e aparellos de traballo, e tamén pide que se lle traslade ao Concello novamente a petición de instalación dunha marquesina para as persoas que esperan o autobús na carretera vella de Santiago. Con respecto ao segundo punto, informa o Vicerreitor das xestións levadas a cabo sen resultados ata o momento e comenta que volverá a tratar o tema co Concello. No que se refire ao laboratorio de investigación, intervén o Reitor para explicar que este é un momento óptimo para facer demandas de investigación financiadas tanto a nivel autonómico como nacional, sendo a competitividade dos grupos investigadores o factor clave para acceder ás diferentes opcións de financiación.
- D. Daniel Martí fai referencia a escaseza de Departamentos da Universidade de Vigo con sede no Campus de Pontevedra, agás na Facultade de Belas Artes, e considera que a implantación de Departamentos no Campus sería beneficiosa xa que aumentaría a capacidade de defensa dos intereses do Campus e equilibraría a dependencia actual dos Decanatos. O Reitor informa de que nestes momentos non habería problema á hora de separar as áreas para formar Departamentos propios no Campus.
- D. Carlos Mollinedo amosa a súa queixa polo retraso no proxecto de humanización do Campus e, a súa vez, agradece ao Vicerreitor o traballo levado a cabo para clarificar a situación actual das instalacións do Campus e proceder a súa legalización. Demanda a adaptación e mellora do Campus ás necesidades das persoas discapacitadas, mediante a construción de rampas de acceso axeitadas e a instalación de sinalización vertical nas prazas de aparcamento. Ademais deberían existir pasos de peóns entre centros, elevados e que se sinalen adecuadamente. Expón tamén as súas queixas polo estado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, tanto pola mala calidade da construción, que esixe reparacións constantes, como polo deseño deficitario da iluminación, que supón ter acendidas as luces durante todo o día sen aproveitar a iluminación externa.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

Pontevedra, a 7 de maio de 2008.

A SECRETARIA

Ado. M<sup>a</sup> del Pilar García Soidán